



REGULAMENTO DE REXIMEN INTERNO
DO DEPARTAMENTO DE QUÍMICA INORGÁNICA
DA UNIVERSIDADE DE VIGO

Aprobado na reunión do Consello de Departamento celebrado o día 26 de abril
de 2013

REGULAMENTO DE REXIMEN INTERNO DO DEPARTAMENTO DE QUÍMICA INORGÁNICA DA UNIVERSIDADE DE VIGO

ÍNDICE

	Páxina
CAPÍTULO PRELIMINAR	1
CAPÍTULO I: Dos órganos de Goberno	1
CAPÍTULO II: Do Consello de departamento	2
CAPÍTULO III: Da Dirección de departamento	6
CAPÍTULO IV: Da Secretaría de departamento	7
CAPÍTULO V: Da organización docente	8
CAPÍTULO VI: Do persoal docente e investigador	9
CAPÍTULO VII: Da reforma do presente regulamento	9
DISPOSICIÓN DERRADEIRA	9

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO DEPARTAMENTO DE QUÍMICA INORGÁNICA DA UNIVERSIDADE DE VIGO

CAPITULO PRELIMINAR

ARTIGO 1

O Departamento de Química Inorgánica da Universidade de Vigo rexerase, no marco sinalado na lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades; polo disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo aprobados polo Decreto 7/2010 do 14 de xaneiro; polo Regulamento de Constitución de Departamentos da Universidade de Vigo e polo presente Regulamento.

ARTIGO 2

- 1.- O Departamento agrupa a tódolos docentes e/ou investigadores pertencentes á área de coñecemento Química Inorgánica. A estes efectos, se considerarán investigadores do Departamento a aqueles Doutores que teñan relación contractual co mesmo e aquelas persoas que desenvolvan a súas tarefas de investigación baixo a dirección dalgún profesor do Departamento.
- 2.- O Departamento é a unidade de docencia e investigación encargada de coordinar as ensinanzas universitarias nun ou en varios ámbitos do coñecemento, nun ou en varios centros, de acordo coa programación docente da Universidade, de apoiar as actividades e as iniciativas docentes e investigadoras do profesorado e de exercer aquelas funcións que establezan os estatutos.

ARTIGO 3

O Departamento de Química Inorgánica terá a súa Sede no Edificio de Química (Ciencias Experimentais) do Campus de Vigo.

CAPITULO I.- Dos órganos de goberno.

ARTIGO 4

Son órganos de dirección e xestión do Departamento os seguintes:

- 1.- O Consello de Departamento.
- 2.- O Director.
- 3.- O Secretario.
- 4.- Outros Organos Colexiados que se poidan crear

CAPITULO II.- Do Consello de Departamento

ARTIGO 5

1. Consello de Departamento é o órgano colexiado de goberno e representación do departamento.
2. O Consello de Departamento estará composto por:
 - a) Tódolos profesores/as Doutores membros deste.
 - b) Todo o resto de persoal docente e investigador a tempo completo.
 - c) Un 20% do persoal docente e investigador a tempo parcial non doutor, que en ningún caso superará o 10% do total do Consello.
 - d) Unha representación dos estudantes que constituirá un 25% do total dos membros do Consello de Departamento, dos cales, a metade serán estudantes de terceiro ciclo. En todo caso, de haberen candidatos/as, cubriranse todos os postos garantindo unha representación de, cando menos, un alumno/a por cada un dos Centros onde imparte docencia o Departamento.
 - e) Unha representación do persoal Investigador en formación, que constituirá como máximo un 2% do total do Consello.
 - f) Unha representación do persoal de Administración e Servizos, adscritos ao Departamento, que constituirá como máximo un 9% do total do Consello.
3. Os membros electos do Consello de Departamento serán renovados cada dous anos.
4. De propoñelo ao Consello de Departamento, poderán ser convidados ás súas reunións para discutir sobre asuntos específicos, con voz pero sen

voto, todos aqueles membros da comunidade universitaria, que poidan resultar afectados polos mesmos.

ARTIGO 6

Son funcións do Consello de Departamento:

- a) A elaboración, aprobación e modificación da proposta do seu regulamento de réxime interno.
- b) A elección e revogación da persoa que desempeña a dirección do departamento.
- c) A elección, se é o caso, dos ou das representantes do departamento en todos os órganos en que estea representado.
- d) A presentación da petición á Universidade de Vigo do seu persoal docente e investigador, así como dos recursos económicos e materiais necesarios para executar o seu plan de actividades docentes e investigadoras.
- e) A aprobación da proposta de distribución do orzamento anual do departamento e da súa execución.
- f) A revisión da avaliación do alumnado, se é o caso.
- g) A intervención nos procedementos de selección do persoal académico, segun o disposto nos Estatutos da Universidade de Vigo e os regulamentos que os desenvolven.
- h) Elaborar e aproba-lo Programa de Organización Docente.
- i) Todas aquelas funcións atribuídas polos Estatutos da Universidade de Vigo que non estean previstas nos puntos anteriores.

ARTIGO 7

O Consello do Departamento reuniráse con carácter ordinario, alomenos tres veces ó ano, e, con carácter extraordinario, por iniciativa do Director/a, ou por previo pedimento de un mínimo dun tercio dos seus membros.

1. As reunións do Consello do Departamento convocaránse por correo electrónico, alomenos con cinco días de antelación, salvo as

extraordinarias con carácter de urxencia que poderán convocarse con dous días hábiles ou lectivos.

2. A orde do día será fixada polo Director/a, asistido polo Secretario/a.
3. Na orde do día dunha sesión ordinaria incluíránse os asuntos solicitados por escrito 24 horas antes da saída da convocatoria e asinados alomenos polo 15% dos membros do Consello.
4. A documentación referente os asuntos incluídos na orde do día das sesións ordinarias estará a disposición dos membros do Consello na sede do mesmo alomenos con 48 horas de antelación.
5. O pedimento dunha reunión do Consello con carácter extraordinario farase por escrito e nela farase constar, no seu caso, o carácter de urxencia da mesma, así como o tema que se solicita tratar. Unha vez recibida a petición de reunión con carácter extraordinario, o Director do Departamento dispoñerá dun prazo máximo de oito días para a súa convocatoria e celebración.
6. Para a válida constitución do Consello será necesaria en primeira convocatoria a maioría absoluta dos seus membros. En segunda convocatoria, que se celebrará media hora máis tarde, constituirase válidamente cun tercio dos seus membros. Para a realización do cómputo de maioría descontarase o número de membros que contan con permiso oficial de ausencia emitido por calquer órgano competente da Universidade.
7. De non acadar o quórum necesario en segunda convocatoria e transcorridos outros 15 minutos, o Director acordara facer unha nova convocatoria, debéndose celebrar o correspondente Consello nos 5 días hábiles seguintes
8. O Consello de Departamento constituirase contando coa presenza do Director/a e Secretario/a ou persoas que os substitúan.
9. A asistencia ás sesións do Consello de Departamento é obrigatoria para seus membros.

ARTIGO 8

1. Os acordos do Consello de Departamento poderán ser adoptados por asentimento ou por votación. Neste último caso, requirese a maioría simple dos asistentes, agas naqueles casos que a maioría estea determinada regulamentariamente

As votacións serán públicas, salvo cando algún membro do Consello do Departamento solicite o contrario.

A participación nas deliberacións e votacións é persoal e indelegable, quedando excluído o voto por correo e o voto por anticipado.

2. Non poderá ser obxecto de acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día salvo que se atopen presentes tódolos membros do Consello e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.
3. Os membros do Consello poderán facer constar en acta o seu voto contrario ó acordo adoptado e os motivos que o xustifiquen.

Cando un membro do Consello de Departamento deséxe que se recolla textualmente algunha intervención, deberá comunicalo verbalmente ao Secretario/a, entregándolle por escrito o texto correspondente dentro do prazo establecido no artigo 27 da Lei 30/92, de 26 de novembro, “Ley de Régimen Jurídico y de Procedimiento Administrativo Común”.

ARTIGO 9

O Secretario/a levantará acta de cada sesión do Consello do Departamento, onde se incluírá:

1. O lugar e momento en que se celebróu a sesión.
2. Unha relación dos asistentes con mención expresa de todos aqueles membros que xustificaran a súa ausencia
3. Un resume das deliberacións.
4. A forma e resultado das votacións.
5. O contido literal dos acordos.

6. Todas aquelas intervencións que algún membro do Consello desexe que figuren expresamente.

As actas asinadas polo Secretario, con visto e praxe do Director, serán sometidas a consideración do Consello para a súa aprobación na sesión ordinaria inmediatamente posterior.

O libro de actas terá acceso para a súa consulta, en presenza do Secretario, calquera membro do Consello do Departamento.

O secretario expedirá certificación de cada Acta ou de unha parte da mesma a calquera membro de Consello de Departamento ou persoa afectada que a demande.

CAPITULO III.- Da Dirección de Departamento

ARTIGO 10

O Departamento terá un Director/a que será elixido polo Consello de Departamento de acordo co regulamento aprobado polo Consello de Goberno.

En todo caso, o réxime de adicación a tempo completo será un requisito necesario para o desempeño da Dirección dun Departamento.

ARTIGO 11

O Director/a do Departamento será nomeado polo Reitor/a da Universidade a proposta do Consello de Departamento. O nomeamento seralle comunicado ao Consello de Goberno e aos Decanos/as e Directores/as de Centros Universitarios nos que o Departamento desenvolva as súas funcións docentes e investigadoras.

O cargo de Director/a do Departamento desempeñárase durante tres anos, con posibilidade dunha soa reelección consecutiva.

En caso de ausencia, enfermidade ou dimisión do Director/a do Departamento, sustituirao como Director/a accidental o profesor de categoría superior máis antigo no Departamento con réxime de adicación a tempo completo.

ARTIGO 12

Son funcións do Director/a do Departamento:

- a) Exercer a representación do departamento
- b) Presidir e convocar os órganos colexiados do Departamento.
- c) Executar os acordos adoptados polo Consello de Departamento e velar polo seu cumprimento.
- d) Dirixir e coordinar a actividade do departamento en todos os ordes da súa competencia.
- e) Transmitirle ao consello de departamento aquela información que como director/a reciba.
- f) Calquera outra que lle encomende, ou delege o Consello de Departamento.
- g) Calquera outra prevista nos Estatutos da Universidade de Vigo e nas demais disposición legais vixentes.

CAPITULO IV.- Da Secretaría de Departamento

ARTIGO 13

O Director/a do Departamento propoñerá, para o seu nomeamento polo Rector, un Secretario/a entre os profesores de Departamento.

ARTIGO 14

Son funcións do Secretario/a do Departamento:

- 1.Efectuar as convocatorias das sesións do Consello de Departamento por orde do Director/a
- 2.Levantar actas das sesións dos órganos colexiados do Departamento.
- 3.Expedi-las certificacións que lle correspondan e tramita-las propostas.
- 4.Coida-lo arquivo e a documentación do Departamento.
- 5.Redactar todos cantos escritos de carácter administrativo lle sexan encomendados, coa autorización explícita do Director/a.

6. Calquera outra que lle encomende ou delegue o Director/a, facendo constar explicitamente a súa autorización.

En caso de enfermidade ou ausencia do Secretario/a, o Director/a nomeará a un secretario/a accidental de entre os profesores do Departamento.

CAPÍTULO V.- Da organización docente.

ARTIGO 15

O Consello de Departamento realizará anualmente a planificación da súa actividade docente, que será de obrigado cumprimento. O reparto da carga docente farase de xeito equitativo entre tódolos Profesores, respetando os criterios de prelación de corpo e antigüidade.

A distribución das obrigas docentes deberá contemplar no posible a necesidade de cubrir tódalas ausencias que, por motivos xustificadas, poidan producirse por parte de calquera dos membros do Departamento ó longo do curso.

Calquera modificación do Plan de Organización Docente respecto ás materias asignadas aos profesores/as e ao número de horas dedicadas a clases teóricas e prácticas, debe contar coa autorización do Consello de Departamento.

Toda ausencia superior a unha semana, debe serlle comunicada ao Departamento. O Director/a fará as xestións oportunas para cubrir a docencia teórica e/ou práctica.

Os bolseiros e o persoal investigador non se lles poderá obrigar a realizar tarefa docente algunha, salvo que ésta figure expresamente na convocatoria da bolsa e no P.O.D.

ARTIGO 16

O Departamento poderá organizar seminarios, conferencias, cursos ou congresos durante o curso académico. Correspondelle ó Consello de Departamento aprobar esta programación así como o seu presuposto.

Os profesores que desexen organizar ou dispensar cursos, congresos, conferencias ou seminarios, sen cargo ós créditos do Departamento, comunicaranllo previamente ó seu Director/a, que dará conta ó Consello na primeira sesión ordinaria.

CAPITULO VI.- Do persoal docente e investigador.

ARTIGO 17

O Consello de departamento elaborará e actualizará os cadros de persoal docente e investigador.

ARTIGO 18

Os profesores/as poderán propoñer ao Consello a admisión de persoas alleas a Universidade que trala autorización expresa da Xerencia, empreguen regularmente as instalacións do Departamento, con manifestación expresa do traballo que están a desenvolver.

Todos os profesores/as teñen a obriga de comunicar ao Departamento a relación de alumnos/as que están baixo a súa dirección e as tarefas a realizar.

CAPITULO VII.- Da reforma do presente regulamento

ARTIGO 19

A iniciativa para a modificación deste Regulamento corresponde ao Director/a ou a un terzo, polo menos, dos membros do Consello de Departamento.

Para a modificación do Regulamento de réxime interno será necesario o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Consello de Departamento

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Este regulamento entrará en vigor ó día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo.